



## A Mesa do Parlamento aproba o calendario de inicio da Lexislatura

- A presidenta da Cámara, Pilar Rojo, afirma que o cronograma proposto axiliza ao máximo todos os prazos para a constitución do Goberno e para que o Parlamento poda comezar a traballar sen demoras

**Santiago, 22 de novembro de 2012.-** A Mesa do Parlamento de Galicia aprobou, este mediodía, o calendario de traballo do Parlamento no inicio da IX Lexislatura. (Axúntase un cadro coas datas)

Este cronograma de traballo contempla, entre outras datas, a celebración de consultas para a proposta de candidato á Presidencia da Xunta para mañá venres, 23 de novembro; a celebración do Pleno de investidura do presidente da Xunta para os días 27 e 29 de novembro; a constitución de comisións o mércores 28 de novembro; a toma de posesión do presidente da Xunta o sábado 1 de decembro e a sesión de apertura da lexislatura para o martes 4 de decembro.

A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, sinala que con este cronograma de traballo se axilizan ao máximo todos os prazos previstos na normativa en vigor, co obxectivo de evitar demoras na toma de posesión do presidente da Xunta a e constitución do Goberno, e para que a Cámara legislativa poda comezar o seu traballo ordinario de inmediato.

### CALENDARIO SESIÓNS INICIO IX LEXISLATURA

ACTUACIÓN	DATA
Constitución do Parlamento	16 de novembro, venres.
Mesa do Parlamento	22 de novembro, xoves, ás 12:00 h.

Consultas para candidatura a Presidencia Xunta	23 de novembro, venres
Proposta de candidato a Presidencia Xunta	23 de novembro, venres
Mesa-Xunta de Portavoces para convocatoria Plenos investidura e Apertura Lexislatura	24 de novembro, sábado.
Data límite para designar deputados das comisión	26 de novembro, luns – 10,00 h.
Mesa para convocatoria constitución das comisión	26 de novembro, luns – 10,30 h.
<b>Pleno de investidura</b>	<b>27 de novembro</b> , martes, ás 10 h. <ul style="list-style-type: none"> <li>• 27 de novembro: intervención candidato</li> <li>• 29 de novembro: votación investidura</li> </ul>
Constitución das comisións	28 de novembro, mércores – 12.30 h.
<b>Votación da investidura</b>	<b>29 de novembro, xoves</b>
Comunicacións elección presidente Xunta	29 de novembro, xoves
Comunicación a El Rey	30 de novembro, venres
Publicación elección no DOG e BOE	30 de novembro, venres
<b>Toma de posesión</b>	<b>1 de decembro (sábado)</b>
<b>Sesión solemne de apertura de lexislatura</b>	<b>4 de decembro (martes)</b>